



Praza número: 26/2083

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica e Organización Escolar

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 437001 Didáctica, Currículo e Organización Escolar

4534001 Aplicación das TIC na Innovación Educativa

652G01028 Practicum I

652G01035 Practicum II

652G04028 Practicum I

652G04045 Practicum II

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Estes criterios serán de aplicación en tódalas seccións agás no bloque IV (Experiencia profesional), no que se actuará conforme ao establecido na normativa para as prazas de profesorado asociado:

- Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.
- Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: Teoría e Historia da Educación e Métodos de investigación e diagnóstico en educación.
- Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os méritos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa, incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

II.2.1. Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Os materiais ou libros de texto con finalidade docente universitaria propios da área de Didáctica e Organización Escolar e ata catro autorías, valoraranse con 4 puntos, sempre e cando acrediten editoriais recoñecidas academicamente, universitarias ou con

Praza número: 26/2083

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica e Organización Escolar

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 437001 Didáctica, Currículo e Organización Escolar

4534001 Aplicación das TIC na Innovación Educativa

652G01028 Practicum I

652G01035 Practicum II

652G04028 Practicum I

652G04045 Practicum II

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

avaliacións externas e sistemas de indexación.

- Os materiais ou libros de texto con finalidade docente universitaria propios da área de Didáctica e Organización Escolar e con máis de catro autorías, sempre e cando acrediten editoriais recoñecidas academicamente, universitarias ou con avaliacións externas e sistemas de indexación, a puntuación outorgada será o resultado de dividir catro entre o número de autorías.
- Quedan expresamente excluídos desta sección os volumes que conteñen actas de congresos, así como os traballos incluídos nesas actas.
- Os libros sen ISBN non serán valorados baixo ningunha circunstancia.
- Valoraranse con 0,1 puntos todos os materiais e libros de texto non deseñados para a docencia universitaria en materias relacionadas coa Didáctica e a Organización Escolar.

II.2.2. Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Os proxectos de innovación docente orientados á docencia na área da Didáctica e Organización Escolar valoraranse con 4 puntos.
- A pertenza a grupos de innovación docente orientados á docencia na área da Didáctica e Organización Escolar valorarase con 0,25 puntos por ano de pertenza.
- Valoraranse con 0,1 puntos aqueles proxectos de innovación docente que non estean orientados á docencia na área da Didáctica e Organización Escolar.

II.2.3. Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Estancias docentes centradas na docencia, de duración superior a un mes, en materias relacionadas coa área de Didáctica e a Organización Escolar, en institucións de educación superior nacionais (máximo 1 punto por estadía) e internacionais (máximo 2 puntos por estadía).
- Valoraranse con 0,1 puntos aquelas estadías que non estean orientadas á docencia na área de Didáctica e Organización Escolar.
- Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:
 - Estancias de mobilidade docente STA ou similares en institucións de educación superior nacionais (máximo 1 punto por estadía) e internacionais (máximo 2 puntos por estadía).

Praza número: 26/2083

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica e Organización Escolar

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 437001 Didáctica, Currículo e Organización Escolar

4534001 Aplicación das TIC na Innovación Educativa

652G01028 Practicum I

652G01035 Practicum II

652G04028 Practicum I

652G04045 Practicum II

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

II.2.4. Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Os premios e recoñecementos docentes outorgados pola labor realizada en proxectos ou iniciativas relacionadas coa docencia na área da Didáctica e Organización Escolar valoraranse con 0,5 puntos.
- Valoraranse con 0,1 puntos aqueles méritos que non estean relacionados directamente coa área de Didáctica e Organización Escolar

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

III.1.1. No caso dos artigos en revistas, aplicarase un coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa indexación nas bases de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Índices de calidade: JCR: Q1 e Q2 valoraranse cun coeficiente 1; Q3 valoraranse con 0,75 puntos; Q4 valoraranse con 0,5 puntos. Scopus: Q1 e Q2 valoraranse con 0,5 e Q3 e Q4 con 0,25.
- Outros índices de calidade, como o selo de calidade da FECYT: cada publicación valorarase con 0,25 puntos.
- Multiplicarase por 0,1 puntos os méritos que non estean directamente relacionados coa área de Didáctica e Organización Escolar.
- Valorarase desfavorablemente a reiterada publicación de traballos nas mesmas revistas. Considerarase reiteración cando haxa máis de dúas publicacións na mesma revista. Neste caso, valorarase un máximo de dúas publicacións por revista.
- Tamén se valorará desfavorablemente a publicación reiterada de traballos en revistas ou editoriais pertencentes ao mesmo organismo onde o/a solicitante realiza o seu traballo docente e/ou de investigación, ou naquelas cuxos comités de redacción o/a inclúan. Neste caso, só se valorarán dúas achegas e a puntuación correspondente multiplicarase por 0,5.

Praza número: 26/2083

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica e Organización Escolar

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 437001 Didáctica, Currículo e Organización Escolar

4534001 Aplicación das TIC na Innovación Educativa

652G01028 Practicum I

652G01035 Practicum II

652G04028 Practicum I

652G04045 Practicum II

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

III.1.2. Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coeficiente multiplicador de 0,5 se non se trata dunha editorial internacional de recoñecido prestixio.
- Valoraranse con 0,1 puntos os méritos que non están directamente relacionados coa área de Didáctica e Organización Escolar.
- Valorarase desfavorablemente a reiterada publicación de traballos nas mesmas editoriais. Considerarase reiteración cando superen máis de dúas publicacións na mesma editorial no mesmo ano. Neste caso, valorarase un máximo de dúas publicacións por editorial no mesmo ano.
- Tamén se valorará desfavorablemente a publicación reiterada de traballos en editoriais pertencentes ao mesmo organismo onde a/o solicitante realiza o seu labor docente e/ou investigadora, ou naquelas de cuxos comités de redacción forme parte a/o solicitante. Neste caso, só se valorarán dúas contribucións e multiplicarase a puntuación correspondente por 0,5.
- Se a publicación ten máis de 4 autorías, a puntuación dividirase entre o número de autorías.

III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Valorarase o carácter nacional ou internacional do congreso.
 - Comunicación nun congreso internacional: 0,5 puntos.
 - Comunicación nun congreso nacional: 0,25 puntos.
- As xornadas universitarias valoraranse con 0,1 puntos.
- Multiplicaranse por 0,1 puntos os méritos que non estean directamente relacionados coa área de Didáctica e Organización Escolar.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Asígnase unha puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Praza número: 26/2083

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Didáctica e Organización Escolar

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Docencia: 437001 Didáctica, Currículo e Organización Escolar

4534001 Aplicación das TIC na Innovación Educativa

652G01028 Practicum I

652G01035 Practicum II

652G04028 Practicum I

652G04045 Practicum II

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

- Outorgaranse ata 2 puntos por cada participación acreditada en programas de difusión e en charlas de divulgación científica no ámbito universitario ou noutros organismos oficiais.
- As accións que impliquen a participación en comités científicos ou de organización de xornadas, congresos ou encontros académicos valoraranse con 0,1 puntos por cada participación acreditada.
- Multiplicaranse por 0,1 puntos os méritos que non estean directamente relacionados coa área de Didáctica e Organización Escolar.

IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

Valoraranse unicamente os méritos na especialidade de coñecemento da convocatoria. No caso do profesorado asociado e do profesorado asociado de Ciencias da Saúde, unicamente os da actividade específica definida para a praza obxecto de concurso. Valorarase a experiencia profesional, incluída a docencia regrada non universitaria. A valoración máxima será de 5 puntos por ano con dedicación a tempo completo; no caso de dedicación a tempo parcial ou de períodos inferiores a un ano, a valoración será proporcional. No caso das prazas de profesorado asociado e de profesorado asociado de Ciencias da Saúde, poderase valorar a experiencia como titor/a no ámbito profesional de prácticas externas cun máximo de 0,25 puntos por cada 100 horas. A valoración máxima por este concepto será de 10 puntos.

Na Coruña , a 29 de abril do 2026

A presidencia da comisión

Ana Iglesias Galdo